

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**11678** *Real decreto 1013/2009, do 19 de xuño, sobre caracterización e rexistro da maquinaria agrícola.*

A maquinaria agrícola constitúe un medio de produción que se fixo imprescindible na actividade agraria, dependendo en moitos casos a rendibilidade das explotacións do bo emprego dos equipamentos mecánicos.

Nunha agricultura respectuosa co ambiente cómpre utilizar máquinas que no seu deseño e fabricación se tivesen en conta unha serie de requisitos mínimos, sen esquecer o seu equipamento cunha serie de dispositivos que minimicen o risco de accidente para os seus usuarios e o resto de poboación.

Con estes fins, están en vigor unha serie de disposicións de distinto rango que, con carácter xeral, regulan os distintos equipamentos que interveñen na mecanización agraria.

En canto á seguranza viaria, o Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 20 de decembro, establece as definicións e categorías dos vehículos, entre os que se inclúen os especiais agrícolas e regula o procedemento para a súa matriculación, exixindo a inscrición previa no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA), regulado mediante a Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 28 de maio de 1987, sobre inscrición de máquinas agrícolas nos rexistros oficiais.

Neste mesmo sentido, o Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se ditan normas de homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como partes e pezas destes vehículos, determina no seu artigo primeiro que a homologación de tipo dos tractores de rodas e os seus remolques será sen prexuízo das competencias do extinto Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, hoxe Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, no que se refire á homologación de bastidores, cabinas e outros dispositivos de seguranza, así como das potencias e prestacións de funcionamento e operacións agrícolas.

En canto á caracterización dos tractores e demais maquinaria automotriz, considérase necesario derrogar a Orde do Ministerio de Agricultura, do 14 de febreiro de 1964, pola que se establece o procedemento de homologación da potencia dos tractores agrícolas, adoptando os mesmos criterios que a normativa comunitaria para fixar de forma inequívoca este importante parámetro, de acordo co Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, e as súas modificacións posteriores, polo que se ditan normas para a aplicación de determinadas directivas da CEE, relativas á homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas destes vehículos, que traspón ao dereito interno español a Directiva 2000/25/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2000, relativa ás medidas que se deben adoptar contra as emisións de gases contaminantes e de partículas contaminantes procedentes de motores destinados a propulsar tractores agrícolas ou forestais e pola que se modifica a Directiva 74/150/CEE, do Consello.

Así mesmo, para o resto de maquinaria automotriz, na determinación da potencia, adóptanse os criterios do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, e as súas modificacións posteriores, que traspón o ditado pola Directiva 97/68/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 1997, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre medidas contra a emisión de gases e partículas contaminantes procedentes dos motores combustión interna que se instalen nas máquinas móbiles non de estrada, e as súas modificacións posteriores.

Atendendo á Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, que establece un procedemento de revisións periódicas do funcionamento dos medios de defensa fitosanitarios, sería necesario dispor dun rexistro dos equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios. De aí a conveniencia de ampliar a estes equipamentos a inscrición no ROMA.

Neste mesmo sentido, no Plan de Medidas Urxentes da Estratexia Española de Cambio Climático e Enerxía Limpa, aprobado en Consello de Ministros en 2007, propúxose a medida da redución de fertilizantes nitroxenados, que inclúe a inspección dos equipamentos de distribución de fertilizantes sólidos, polo que é tamén conveniente ampliar a estes equipamentos a obriga da súa inscrición no ROMA.

Todo isto obriga a actualizar as vixentes disposicións sobre inscrición de maquinaria agrícola nos rexistros oficiais.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a emisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de xuño de 2009,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e fins.*

1. Constitúe o obxecto deste real decreto o establecemento da normativa para caracterizar a maquinaria agrícola, especialmente en canto á acreditación da súa potencia e ao equipamento de dispositivos de seguraza, así como para regular as condicións básicas para a inscrición desta maquinaria nos rexistros oficiais de maquinaria agrícola das comunidades autónomas.

2. Constitúen fins deste real decreto:

a) Caracterizar os tractores agrícolas, motocultores, tractocarros, demais maquinaria agrícola automotriz, a maquinaria agrícola remolcada e remolques, tal como se definen no Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 20 de decembro, así como as máquinas suspendidas acoplables a vehículo tractor, utilizadas na actividade agraria, cunha especial atención ás prestacións de funcionamento e condicións de seguraza.

b) Establecer unha norma que coordine a inscrición da maquinaria agrícola nos rexistros oficiais de maquinaria agrícola, en diante ROMA, dos órganos competentes das diferentes comunidades autónomas, e de acordo co Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro, polo que se ditan normas de homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como partes e pezas destes vehículos e co Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 20 de decembro.

c) Constituír unha base de datos actualizada do parque de maquinaria agrícola que permita a elaboración de políticas de mecanización agraria e establecer procedementos para o control de determinadas máquinas.

d) Facilitar o acceso á información sobre as características da maquinaria agrícola.

## Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto será de aplicación a todos os tractores agrícolas, motocultores, tractocarros, demais maquinaria agrícola automotriz, á maquinaria agrícola remolcada e remolques, tal como se definen no Real decreto 2822/1998, do 20 de decembro, así como ás máquinas suspendidas acoplables a vehículo tractor. Todos eles deberán estar dedicados á actividade agraria, no marco dunha explotación agraria.

2. Exclúense do ámbito de aplicación deste real decreto as máquinas clasificadas ou definidas na súa tarxeta de inspección técnica de vehículos (ITV) como maquinaria de obras e servizos, así como as máquinas e equipamentos utilizados na industria agroalimentaria.

## CAPÍTULO II

### Caracterización da maquinaria

## Artigo 3. *Potencia.*

1. As empresas responsables da comercialización en España de tractores e demais máquinas agrícolas equipadas con motor acreditarán a potencia de inscrición destes vehículos.

2. Considerarase como potencia de inscrición a potencia nominal do motor en kW segundo se especifica na Directiva 2000/25/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2000, relativa ás medidas que se deben adoptar contra as emisións de gases contaminantes e de partículas contaminantes procedentes de motores destinados a propulsar tractores agrícolas ou forestais e pola que se modifica a Directiva 74/150/CEE do Consello, no caso de tractores e na Directiva 97/68/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 1997, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre medidas contra a emisión de gases e partículas contaminantes procedentes dos motores de combustión interna que se instalen nas máquinas móbiles non de estrada, e as súas modificacións, para o resto de máquinas automotrices, traspostas ao dereito interno español polo Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, e as súas modificacións posteriores, polo que se ditan normas para a aplicación de determinadas directivas da CEE, relativas á homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques e semirremolques, así como de partes e pezas destes vehículos.

3. A potencia de inscrición, indicada no número anterior, poderase tamén expresar en cabalos de vapor (CV) indicándoa entre parénteses a continuación da súa expresión en kW.

## Artigo 4. *Acreditación da potencia.*

1. A potencia de inscrición acreditarase coa tarxeta ITV, cuxo modelo se inclúe nos anexos correspondentes do Real decreto 2140/1985, do 9 de outubro.

2. Nos tractores de cadeas ou naqueles casos en que a tarxeta ITV non reflecta este parámetro, o fabricante ou importador da máquina remitirá á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño (MARM) o informe de ensaio previsto no Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño.

## Artigo 5. *Información e publicidade.*

En toda documentación, información ou publicidade do tractor ou máquina automotriz deberá figurar a potencia de inscrición, en caracteres e lugar ostensible, polo menos, como os utilizados para expresar outras potencias.

## Artigo 6. *Condicións de seguranza.*

Co obxecto de minimizar os riscos tanto para os seus usuarios como para a circulación viaria, toda a maquinaria incluída no ámbito de aplicación deste real decreto, deberá cumprir uns requisitos mínimos de seguranza, indicados a seguir:

a) No caso dos tractores, deberán cumprir co Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, e as súas modificacións posteriores, que traspón ao dereito interno español a Directiva 2003/37/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, relativa á homologación dos tractores agrícolas ou forestais, dos seus remolques e da súa maquinaria intercambiable remolcada, así como dos sistemas, compoñentes e unidades técnicas destes vehículos e pola que se deroga a Directiva 74/150/CEE, ou calquera outra lexislación que lles sexa de aplicación.

b) Para o resto de máquinas agrícolas non recollidas na directiva anterior, cumprarán co Real decreto 1435/1992, do 27 de novembro, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva do Consello 89/392/CEE relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre máquinas.

#### Artigo 7. *Estruturas de seguranza en caso de envorcadura.*

1. Os tractores de máis de 600 kg de masa en baleiro e en orde de marcha están obrigados a ir equipados cun bastidor ou cabina oficialmente homologados para reducir os danos ao condutor en caso de envorcadura, de acordo coa Directiva 2003/37/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003.

2. O equipamento destas estruturas de seguranza realizarase de acordo coa lexislación vixente e, en todo caso, coa Orde do Ministerio de Agricultura do 27 de xullo de 1979, pola que se regula, tecnicamente, o equipamento dos tractores agrícolas con bastidores ou cabinas oficialmente homologadas. A clasificación xeral dos tractores agrícolas, para efectos da súa obrigatoriedade de equipamento con estruturas de protección homologadas, indicando os códigos de ensaio que aplican a cada clase e as datas iniciais de obrigatoriedade de levar equipadas esas estruturas para cada clase de tractor, figuran no anexo I.

#### Artigo 8. *Estación de Mecánica Agrícola (EMA).*

Para a caracterización e clasificación da maquinaria agrícola, incluída no ámbito de aplicación deste real decreto, a Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros contará co apoio técnico da EMA, laboratorio oficial recoñecido pola Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE) para a realización dos ensaios dos códigos OCDE dos tractores agrícolas.

### CAPÍTULO III

#### **Rexistros oficiais de maquinaria agrícola**

#### Artigo 9. *Estrutura dos rexistros oficiais de maquinaria agrícola.*

1. Co fin de coñecer o parque de maquinaria agrícola existente nunha zona xeográfica determinada e comprobar que as máquinas utilizadas cumpren coa normativa legal vixente, así como para constatar o cumprimento dos requisitos exixibles ás máquinas oficialmente subvencionadas, os rexistros oficiais de maquinaria agrícola (ROMA) das comunidades autónomas deberán dispor de, polo menos, a seguinte información:

- a) Identificación e características dos titulares das máquinas.
- b) Identificación, tipoloxía e características da maquinaria.
- c) Localidade onde radica a parte principal da explotación.

#### Artigo 10. *Máquinas de inscrición obrigatoria.*

1. Deberanse inscribir nos rexistros oficiais de maquinaria agrícola todas as máquinas que se vaian utilizar na actividade agraria (agrícola, gandeira ou forestal), que cumpran coa súa correspondente normativa legal e que pertencan a un dos grupos relacionados no anexo II.

2. A Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros autorizará previamente a inscrición dos tractores pertencentes a un modelo determinado expresando, polo menos,

a súa marca, tipo e contrasinal de homologación. Excepcionalmente, cando un tractor corresponda a un modelo cuxa inscrición non estea autorizada, o seu titular deberá solicitar á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros esa autorización para esa unidade en particular.

3. Para a inscrición de tractores será requisito previo que a unidade estea equipada coa correspondente estrutura de seguranza en caso de envorcadura, debidamente autorizada pola Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros para cada modelo de tractor, expresando para esa estrutura a súa marca, modelo e o contrasinal ou número de homologación.

4. O resto de máquinas deberá acreditar que cumpre cos requisitos de seguranza establecidos no artigo 6.

## Artigo 11. *Inscrición das máquinas.*

1. A inscrición dunha máquina no ROMA deberase realizar de forma obrigatoria, por instancia do seu titular, cando se dea unha das seguintes situacións:

- a) Incorporación de maquinaria nova á actividade agraria.
- b) Incorporación de maquinaria usada procedente doutros países.
- c) Incorporación ao sector agrario, procedente dos sectores de obras e servizos.
- d) Cambio de titularidade (transferencia, herdanzas, etc.), sen modificación do seu uso ou destino.
- e) Alta de máquinas en uso, que non estaban obrigadas a estar inscritas no ROMA, na anterior lexislación.
- f) Outros motivos.

2. A inscrición das máquinas citadas no anexo II deberase realizar nun dos rexistros oficiais de maquinaria agrícola da comunidade autónoma onde radique a parte principal da explotación. No caso das empresas de servizos, onde radique o domicilio social da empresa.

3. A baixa dunha máquina no ROMA deberase realizar de forma obrigatoria, por instancia do seu titular, cando se dea algunha das seguintes situacións:

- a) Pase a outros sectores (obras ou servizos) procedente do agrario.
- b) Despezamento, achatarramento ou inutilidade da máquina.
- c) Cambio de titularidade (transferencia, herdanza etc.) sen modificación do seu uso ou destino.
- d) Pase a vehículo histórico.
- e) Baixa temporal, incluída a entrega a empresa comercializadora de maquinaria.
- f) Outros motivos.

4. Os titulares das máquinas sinaladas anteriormente procederán á súa inscrición no rexistro correspondente, sempre que reúnan algunha das seguintes características:

- a) Persoas físicas titulares dunha explotación agraria.
- b) Persoas xurídicas que desenvolvan unha actividade agraria.
- c) Persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan a prestación de servizos agrarios, sempre que estean inscritas nos correspondentes rexistros ou censos oficiais.
- d) Cooperativas agrarias, nas súas distintas modalidades, sociedades agrarias de transformación e outras agrupacións agrarias inscritas nos correspondentes rexistros oficiais.
- e) Organismos oficiais e centros de formación agraria, cando utilicen as máquinas en tarefas específicas de mecanización agraria.

5. Nos casos de utilizadores ou arrendatarios de máquinas agrícolas, pertencentes a algún dos titulares anteriores, que dispoñen delas mediante contrato leasing, renting ou outros, a inscrición será a nome do arrendatario, cunha anotación en que se indique esta situación e o nome ou razón social da entidade financeira.

Artigo 12. *Documentación mínima para a inscrición no ROMA.*

1. O titular da máquina, para a inscrición da maquinaria agrícola no ROMA, presentará a seguinte documentación:

- a) DNI ou NIF do titular ou arrendatario da máquina.
- b) Tarxeta de inspección técnica de vehículos (ITV).

No caso de tractores, motocultores, tractocarros e demais máquinas automotrices que carezan da correspondente tarxeta ITV, substituirase polo certificado de características técnicas de acordo co modelo indicado no anexo III, expedido polo fabricante ou polo seu representante legal.

Nas máquinas arrastradas e suspendidas, exentas de dispor da tarxeta ITV, substituirase polo certificado de características técnicas para este tipo de máquinas, segundo o modelo indicado no anexo IV, expedido polo fabricante ou polo seu representante legal.

c) Para todas as máquinas, excepto tractores de rodas, declaración de conformidade CE de acordo co Real decreto 1435/1992, do 27 de novembro, que recolle o ditado pola Directiva 98/37/CE, de seguranza nas máquinas.

d) Factura de compra ou contrato de compravenda, leasing, renting etc. En calquera deles especificarase claramente a denominación comercial (marca e modelo) da máquina, que deberá coincidir cos datos reflectidos na tarxeta ITV ou no certificado de características técnicas.

e) Documento acreditativo da súa baixa no ROMA nos casos de cambio de titularidade (situación d do artigo 11.1).

f) Acreditación de que o titular da máquina reúne algunha das características indicadas no artigo 11.4.

g) Calquera outro documento en que así o estableza a comunidade autónoma.

Unha vez inscrita a máquina, o ROMA expedirá o correspondente certificado de inscrición, en que conste o seu número de inscrición no rexistro.

2. Para dar de baixa a inscrición no ROMA, o titular presentará a seguinte documentación:

- a) DNI ou NIF do titular ou arrendatario da máquina.
- b) Certificado de inscrición que se entregou como xustificante da alta no ROMA.
- c) Calquera outro documento en que así o estableza a comunidade autónoma.

3. O ROMA expedirá o correspondente certificado, tanto para a súa inscrición no rexistro, como para a baixa nel, en que conste o seu número de inscrición.

4. Os datos de inscrición ou de baixa no ROMA enviaranse, mediante transmisión telemática, á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros e ao Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico, nun formato único acordado coas comunidades autónomas.

Artigo 13. *Coordinación dos rexistros.*

1. Co obxecto de coordinar unha información puntual e conxunta da Administración xeral do Estado, os órganos responsables dos rexistros de maquinaria das comunidades autónomas remitirán mensualmente á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros os datos de altas e baixas das inscricións realizadas en cada rexistro.

2. De igual forma, e co obxecto de dispor dun censo actualizado da maquinaria existente, anualmente remitirán á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros un cadro resumo que permita coñecer e avaliar os recursos mecánicos dispoñibles na actividade agraria do seu ámbito xeográfico.

3. A Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros caracterizará, clasificará e codificará todos os modelos de máquinas para facilitar a súa inscrición e procesado informático.

4. A relación dos modelos de tractores autorizados e clasificados, co seu código correspondente, así como das súas estruturas de protección, difundirase a través da



páxina web do MARM ([http://www.mapa.es/es/agricultura/pags/maquinariaagricola/intro\\_consultas.htm](http://www.mapa.es/es/agricultura/pags/maquinariaagricola/intro_consultas.htm)).

Artigo 14. *Publicidade da información recollida no rexistro.*

Anualmente, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño publicará unha memoria coas inscricións habidas no ROMA, e mensual e trimestralmente elaborárase unha memoria previa con esas inscricións, que serán difundidas, así mesmo, a través da súa páxina web.

Na memoria anual identificaranse aquelas máquinas cuxa inscrición no ROMA non superase os tres meses, que serán excluídas da citada memoria.

Disposición adicional única. *Telematización de rexistros.*

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño colaborará coas comunidades autónomas para promover a implantación de procedementos electrónicos de inscrición ou baixa nos rexistros oficiais de maquinaria agrícola e o intercambio de datos por medios electrónicos, de acordo co previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición transitoria única. *Inscrición de máquinas xa en uso.*

Establécese un prazo máximo de dous anos a partir da publicación deste real decreto para a inscrición no ROMA das máquinas recollidas nas letras h) e i) do anexo II, non inscritas con anterioridade. Cando non se dispoña do certificado de características, poderase substituír por unha declaración asinada polo titular da máquina, en que se reflectan os seus datos identificativos, marca e modelo, número de bastidor e as súas principais características técnicas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 14 de febreiro de 1964, pola que se establece o procedemento de homologación da potencia dos tractores agrícolas e a Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 28 de maio de 1987, sobre inscrición de máquinas agrícolas nos rexistros oficiais.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Os capítulos I e III deste real decreto dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; o capítulo II dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira segunda. *Identificación individual de equipamentos.*

Naqueles equipamentos que carezan de número de bastidor, troquelárase ou gravárase de forma indeleble no seu chasis o número para a súa identificación individual.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Orde do 27 de xullo de 1979. Homologación de bastidores e cabinas.*

Modifícase a Orde do Ministerio de Agricultura, do 27 de xullo de 1979, pola que se regula tecnicamente o equipamento dos tractores agrícolas con bastidores ou cabinas oficialmente homologadas, substituíndose o seu anexo I polo que figura como anexo I deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado na Embaixada de España en Singapur o 19 de xuño de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño,  
ELENA ESPINOSA MANGANA



## ANEXO I

**Clasificación xeral dos tractores agrícolas para efectos da súa obrigatoriedade de equipamento con estruturas de protección homologadas.**

Grupos e subgrupos de tractores	Códigos de ensaio preferentes	Datas iniciais de obrigatoriedade
<b>De rodas</b>		
<b>Típicos:</b>		
1.1 Lixeiros	Directivas CEE 79/622, 82/953, 88/413, 1999/40 e 2006/96.OCDE Código 4.	11 de decembro de 1984.
1.2 Medios	Directivas CEE 77/536, 89/680, 1999/55 e 2006/96. Directivas CEE 79/622, 82/953, 88/413, 1999/40 e 2006/96.OCDE Códigos 3 e 4.	11 de decembro de 1980.
1.3 Pesados	Directivas CEE 79/622, 82/953, 88/413, 1999/40 e 2006/96.OCDE Código 4.	11 de decembro de 1982.
<b>Articulados (non estreitos):</b>		
2.1 Lixeiros	Directivas CEE 79/622, 82/953, 88/413, 1999/40 e 2006/96.OCDE Código 4.	11 de decembro de 1984.
2.2 Medios	Directivas CEE 77/536, 89/680, 1999/55 e 2006/96. Directivas CEE 79/622, 82/953, 88/413, 1999/40 e 2006/96.OCDE Códigos 3 e 4.	11 de decembro de 1980.
2.3 Pesados	Directivas CEE 79/622, 82/953, 88/413, 1999/40 e 2006/96.OCDE Código 4.	11 de decembro de 1982.
Estreitos. Inclúense neste grupo os de vía mínima, do eixe de rodas motrices, inferior a 1150 mm.		
3.1 Lixeiros ríxidos	Directivas CEE 86/298, 89/682, 2000/19, 2005/67 e 2006/96. Directivas CEE 87/402, 89/681, 2000/22, 2005/67 e 2006/96.OCDE Códigos 6 e 7.	1 de xullo de 1992 para novos tipos. 1 de xullo de 1993 para novas matriculacións.
3.2 Medios ríxidos	Directivas CEE 86/298, 89/682, 2000/19, 2005/67 e 2006/96. Directivas CEE 87/402, 89/681, 2000/22, 2005/67 e 2006/96.OCDE Códigos 6 e 7.	1 de xullo de 1992 para novos tipos. 1 de xullo de 1993 para novas matriculacións.
3.3 Lixeiros articulados	Directivas CEE 86/298, 89/682, 2000/19, 2005/67 e 2006/96. Directivas CEE 87/402, 89/681, 2000/22, 2005/67 e 2006/96.OCDE Códigos 6 e 7.	1 de xullo de 1992 para novos tipos. 1 de xullo de 1993 para novas matriculacións.
3.4 Medios articulados	Directivas CEE 86/298, 89/682, 2000/19, 2005/67 e 2006/96. Directivas CEE 87/402, 89/681, 2000/22, 2005/67 e 2006/96.OCDE Códigos 6 e 7.	1 de xullo de 1992 para novos tipos. 1 de xullo de 1993 para novas matriculacións.
<b>Forestais e arrastradores forestais:</b>		
4.0 Extralixeiros	Código(s) e data por determinar.	
4.1 Lixeiros	Directivas CEE 79/622, 82/953, 88/413, 1999/40 e 2006/96.OCDE Código 4 e Norma ISO 8082:2003.	11 de decembro de 1984.
4.2 Medios	Directivas CEE 77/536, 89/680, 1999/55 e 2006/96. Directivas CEE 79/622, 82/953, 88/413, 1999/40 e 2006/96.OCDE Código 4 e Norma ISO 8082:2003.	11 de decembro de 1980.

Grupos e subgrupos de tractores	Códigos de ensaio preferentes	Datas iniciais de obrigatoriedade
4.3 Pesados	Directivas CEE 79/622, 82/953, 88/413, 1999/40 e 2006/96.OCDE Código 4 e Norma ISO 8082:2003.	11 de decembro de 1982.
Elevados. Inclúense neste grupo os de altura libre máxima superior a 1000 mm.		
5.	Código(s) e data por determinar	
Portadores e outros de estrutura especial non preclasificados:		
X. Incorporables a algún dos subgrupos anteriores		As dos subgrupos correspondentes.
9. Non incorporables.		Exentos de obrigatoriedade.
<b>De cadeas</b>		
Típicos:		
6.1 Lixeiros	OCDE Código 8. Normas UNE-EN 13510:2000; ISO 8082:2003; ISO 3471:1994+Mod1:1997.	1 de xaneiro de 2011.
6.2 Medios	OCDE Código 8. Normas UNE-EN 13510:2000; ISO 8082:2003; ISO 3471:1994+Mod1:1997.	11 de decembro de 1983.
6.3 Pesados	OCDE Código 8. Normas UNE-EN 13510:2000; ISO 8082:2003; ISO 3471:1994+Mod1:1997.	11 de decembro de 1982.
De pantanos e outros de estrutura especial non preclasificados:		
X. Incorporables a algún dos subgrupos anteriores		As dos subgrupos correspondentes.
9. Non incorporables.		Exentos de obrigatoriedade.

No grupo 0 quedan clasificados, con excepción dos 4.0, todos os restantes tractores extralixeiros –que quedan exentos de obrigatoriedade de equipamento con estrutura de protección homologada, para a súa inscrición- calquera que sexa o seu sistema de rodaxe e tipo de deseño.

#### NOTAS ACLARATORIAS

1. Sobre a masa dos tractores.–Para os efectos do cadro anterior, considéranse tractores extralixeiros, de acordo co artigo 7 deste real decreto, os de masa inferior a 600 kg; lixeiros, os de masa de 600 kg a 1.500 kg; medios, os de masa 1.500 kg a 6.000 kg, e pesados, os de masa igual ou superior a 6.000 kg.

No seu defecto, a masa determinante da clasificación dun tractor será a que teña cando se encontre con todos os seus depósitos cheos e co equipamento da versión ou opción de maior masa pero sen lastre nin equipamentos discretos, sen condutor e desprovisto de bastidor ou cabina.

2. Sobre os códigos de ensaio aplicables.–Ademais dos efectuados con suxeición aos códigos preferentes citados no cadro anterior, a estación de mecánica agrícola poderá realizar ou aceptar outros ensaios de estruturas de protección executados conforme outros códigos, sempre que estes sexan de formulación ou aceptación internacional e resulten, para os tractores dos subgrupos correspondentes, tecnicamente equivalentes ou máis estritos que os que nese cadro se especifican.

## ANEXO II

### Grupos de máquinas de inscrición obrigatoria no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola

- a) Tractores agrícolas e forestais de calquera tipo e categoría.
- b) Motocultores
- c) Tractocarros
- d) Máquinas automotrices de calquera tipo, potencia e peso.
- e) Máquinas arrastradas de máis de 750 kg de masa máxima con carga admisible do vehículo en circulación (MMA).
- f) Remolques agrícolas.
- g) Cisternas para o transporte e distribución de líquidos.
- h) Equipamentos de tratamentos fitosanitarios arrastrados ou suspendidos, de calquera capacidade ou peso.
- i) Equipamentos de distribución de fertilizantes arrastrados ou suspendidos, de calquera capacidade ou peso.
- j) As máquinas non incluídas nalgunha das alíneas anteriores, para cuxa adquisición se concedese un crédito ou unha subvención oficial.
- k) Aquelas máquinas non citadas anteriormente e que determinen as comunidades autónomas.

## ANEXO III

## Certificado de características técnicas para tractores e máquinas agrícolas equipadas con motor

<i>Logotipo da empresa</i>
<i>Empresa fabricante</i>
<i>Representante legal en España</i>

<i>Marca</i>	
<i>Modelo</i>	
<i>Contrasinal de homologación</i>	
<i>Xénero da máquina (norma UNE 68051)</i>	
<i>Número de bastidor</i>	
<i>Procedencia</i>	<i>UE</i>
<i>(marcar o que corresponda)</i>	<i>Importado</i>

## CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

<i>Masa en baleiro e en orde de marcha (kg)</i>	
<i>Masa máxima en carga admisible (MMA) (kg)</i>	
<i>Altura total (cm)</i>	
<i>Largura total (cm)</i>	
<i>Lonxitude total (cm)</i>	
<i>Cilindrada (cm<sup>3</sup>)</i>	<i>Número de cilindros .....</i>
<i>Potencia nominal do motor en kW (CV)</i>	
<i>Potencia fiscal (CVF)</i>	

## ESTRUTURA DE PROTECCIÓN (en caso de tractores agrícolas)

<i>Tipo de estrutura</i>	<i>Bastidor</i>
<i>(marcar o que corresponda)</i>	<i>Cabina</i>
<i>Marca</i>	<i>Modelo</i>
<i>Número de homologación</i>	
<i>Número identificativo</i>	

*Data*  
*Nome e sinatura*  
*Cargo*

## ANEXO IV

**Certificado de características técnicas para máquinas agrícolas arrastradas e suspendidas. Inspeccións técnicas periódicas**

<i>Logotipo da empresa</i>
<i>Empresa fabricante</i>
<i>Representante legal en España</i>

<i>Marca</i>	
<i>Modelo</i>	
<i>Xénero da máquina (norma UNE 68051)</i>	
<i>Número de bastidor</i>	
<i>Procedencia</i>	UE
<i>(marcar o que corresponda)</i>	Importado

**CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS**

<i>Enganche</i>	<i>Suspendida</i>	
<i>(marcar o que corresponda)</i>	<i>Arrastrada</i>	
<i>Masa en baleiro e en orde de marcha (kg)</i>		
<i>Masa máxima en carga admisible (MMA) (kg)</i>		
<i>Altura total (cm)</i>		
<i>Largura total (cm)</i>		
<i>Lonxitude total (cm)</i>		

*Data**Nome e sinatura**Cargo*

(reverso)

<b>INSPECCIÓNS TÉCNICAS PERIÓDICAS</b>	
<i>Data de inspección:</i>	
<i>Válida até/por:</i>	
<i>Informe de inspección</i>	<i>Selo</i>
<i>Sinatura</i>	
<i>Data de inspección:</i>	
<i>Válida até/por:</i>	
<i>Informe de inspección</i>	<i>Selo</i>
<i>Sinatura</i>	
<i>Data de inspección:</i>	
<i>Válida até/por:</i>	
<i>Informe de inspección</i>	<i>Selo</i>
<i>Sinatura</i>	